

Benquerido Cándido.

Hoxe, 5 de xuño de 2020, os traballadores e traballadoras que formamos parte desta grande familia que é o grupo Cándido Hermida e da que dependen máis de 500 fogares desta maltratada Comarca, queremos dicirche o seguinte:

Algúns levamos toda unha vida na Empresa, outros non tanto, pero todos e todas temos a mesma ilusión, as mesmas gañas de traballar, de aprender e de seguir medrando que aquel pequeno grupo que comezou ao teu lado hai preto de corenta anos cando decidiches abrir un modesto taller de ebanistería.

Ese pequeno taller converteuse na industria que hoxe coñecemos, unha das máis importantes de Ferrolterra. Nela traballamos e nela queremos seguir traballando.

Neste momento que nos tocou vivir, cunha situación mundial nunca antes vista da que non podemos estar alleos e malia que non hai nada máis importante que a nosa saúde e a das nosas familias, queremos que saibas que imos estar á altura, que imos dar o cento por cento para saír adiante como sempre fixemos. Non imos negar a nosa preocupación, pero non temos medo. Sabes moi ben dos esforzos que levamos feito todos e todas nós desde que traballamos para ti, poñendo o noso propio coche para desprazarnos ás montaxes por todo o Estado, adiantando cartos do noso peto para pagar as taxas nos aeroportos por levar exceso de materiais, para subsistir mentres estabamos lonxe das nosas familias ou para mercar nunha ferretería esta ou aquela cousa que precisabamos. Sabes que temos traballado día e noite sen descanso para poder entregar as tendas en prazo, que sempre fixemos o que se precisase para rematar os traballos que se nos encomendaban. Sempre fomos responsables, razoables, solidarios e solidarias. Sempre nos esforzamos todo canto puidemos. Ás veces en lugares moi remotos do mundo, lonxe das nosas casas e dos nosos seres queridos e en condicións durísimas. Nunca te deixamos tirado. Xamais.

Agora, neste contexto mundial difícil, aqueles nos que delegaches a xestión da Empresa que ti fundaches, aqueles que fan o imposible para medrar a calquera custe mesmo poñendo en serio perigo o futuro da Empresa e das nosas familias, aqueles que pola súa propia incapacidade para organizar o traballo pretenderon modificarnos a xornada laboral para tentar rebaixarnos máis aínda o pouco que xa cobramos por unhas horas extra que non serían necesarias se fixeran ben a súa parte do traballo, aqueles que por medo a perder os seus privilexios nos coaccionaron e presionaron para que non asistíssemos ás asembleas de traballadores nas que se tratou o tema, difamando e represaliando aos que se atreveron a denunciar esta situación diante dos compañeiros e compañeiras, aqueles que malia ter demostrado a súa ineficacia teñen salarios tan altos que en comparación cos nosos raian na obscenidade, aqueles que ao remate de cada ano recibían altísimas primas en suculentos sobres, eses dinnos que veñen tempos difíciles, que temos que ser os traballadores e traballadoras quen temos que sufrir as consecuencias económicas máis graves desta pandemia, que temos que apertar o cinto, que temos que superalo sós, sen a axuda da Empresa que contribuímos a levantar, que temos que marchar ao desemprego e malvivir cos cartos xustos.

Eses que van seguir cobrando integramente os seus altísimos salarios, eses que non van ser solidarios e non se van axustar o cinto nin un chisco para complementar as nosa exiguas prestacións por desemprego. Eses, e sabes de quen falamos, pídennos que sexamos responsables e amedréntannos con que se non o facemos a Empresa pode ter serios problemas. Resulta duro escoitalo, imposible asumilo.

Desde o respecto que che profesamos, pedímosche que fagas o que sexa preciso para erradicar os abusos que levan feito e seguen a facer aqueles en quen confiaches o devir da túa Empresa. Se esta situación non muda, daquela teremos que ser nós, os teus traballadores e traballadoras, quen fagamos o que sexa preciso para defender os nosos postos de traballo e o futuro das nosas familias. Non pedimos caridade, unicamente a túa solidariedade e un chisquiño de recoñecemento polo compromiso que sempre amosamos coa Empresa. Non nos deixes tirados. Nós nunca o fixemos.

Atentamente

Os teus empregados e empregadas